

II. Luís Soutullo Iglesias

O Gaitero de Lira

(1907 - 1997)

*Á ghaita aínda quíxenlle muito, quíxenlle muito.
O oficio de gaitero é mui bonito.*

Textos extraídos do libro:

Fernández Santomé, Xerardo, *Proxecto Luís Soutullo. Gaiteros e bandas de Pontearreas anteriores a 1950*, Vigo, Asoc. Gaiteros da Xistra, 2025. Páx. 37 - 68.

Fig.14 - A primeira foto de Luís Soutullo Iglesias,
O Gaiteiro de Lira.
Pontareas, 1931, aprox.
[Arquivo familiar]



II.1. Vida e música

Luís Hermenegildo Soutullo Iglesias, O Gaitero de Lira, naceu o dezaseis de novembro de 1907 no barrio do Alcázar de San Mateo de Oliveira, en cuxa igrexa parroquial foi bautizado dous días despois. Membro dunha familia labrega, era fillo de Domingo Soutullo Álvarez e Enriqueta Iglesias Palmas, ao parecer de procedencia portuguesa, e neto por parte paterna de Juan Ignacio Soutullo e Rosa Álvarez e por parte materna de Diego Iglesias, orixinario de Santiago de Compostela, e de Matilde Palmas, natural de Vilagarcía.

Segundo se desprende das manifestacións do noso protagonista, a gaita e todo canto lle rodea foi unha auténtica paixón, polo menos durante boa parte da súa vida. Xa desde moi novo manifestou esta inclinación pola música malia as negativas dun pai que non gustaba do tipo de vida que naqueles anos levaban os gaiteros. Paseniñamente, con pasos firmes e decididos, foi conseguindo cumprir os seus soños ata acadar un coñecemento completo do instrumento no que ía ser un auténtico mestre. Non só gañou fama, tamén ensinou e aconsellou a outros, arranxou instrumentos, construíu palletas, dirixiu con eficacia os seus compañeiros e ata elaborou as súas propias teorías.

Os seus primeiros intentos na gaita non foron doados. Xa desde os trece ou catorce anos amosou interese, mais as necesidades familiares non favorecían o feito de dedicarlle tempo e cartos á música. Aínda que o seu pai non era contrario a que estudase a teoría musical e tocase nalgunha das bandas de Ponteareas, si que lle deixou claro que gaitero non ía ser.



Fig. 15 - Luís Soutullo Iglesias. Lira, 1931.

[Arquivo familiar]

Eu empecei tarde a tocare. Empecei tarde porque o meu pai non quería que fora ghaiteiro nin pa dios. Non quería. Dixen:

- Usté que tanto quere que vaia á música... Tamén foi Vicente de Canedo...³⁰

Entón pedinlle a meu pai que me dera cartos pa unha bicicleta:

- Ai, meu amigho! Teño moito capital, haivos que criare, non... – e alí quedou – Vai coas perniñas, que tes boas pernas. Vas a Pontearreas e vés. Non che pido nada, vas ás noites, si é o inverno, e vés e no medio voute esperare.

- Non, iso , non.

Pero a cousa non quedou alí. O mozo Luís seguía acudindo á chamada do son das gaitas alí onde se tocasen. Mais non foi ata os catorce anos que puido ter unha delas nas súas propias mans, malia que a experiencia foi un tanto traumática polo xeito furtivo de acadala. O vello Soutullo contábaa con humor e nostalxia:

Naquel tempo tiña... tiña quince anos cando decidín... Unha vez pedinlle... Conseghina dun ghaiteiro... Conseghinlle de verdá. Era nunha tienda buena, era a millor tienda que había en San Mateo... Deixouna en cal dun asiento, foi merendare... e eu quería unha ghaita como esta, e fíxenme coela. A ghaita non me chillaba. Arreaba nos pallóns porque ao botarlle aire... Pousei a ghaita no chan moi amodo... e O Bouche chamoume *sinverghuenza, algún día vas morrere de uñas*.

E a outro que non era ghaiteiro díxenlle:

- Quen era?

- É o Bouche de Moreira.³¹

- Ai, carallo, non... Ai, me cagho en diez, non vou alá.

Era de Moreira e dixo:

- E non é nada, home, teño a ghaita preparada, que está ben e o raio deste rapás, coño... ighual ma estropeaba. Si non me avisades... estamos aí a merendare...

³⁰. Vid. Páx. 90.

³¹. Gaiteiro do cuarteto do mesmo nome con bastante sona na bisbarra de Pontearreas nas décadas de 1920 e 1930.

Aquel rapaz tan afeito aos traballos e aos esforzos non tardaría moito tempo en facerse coa súa primeira gaita. Sabía perfectamente a quen lla ía a encargarse e só tivo que buscar a posibilidade de quen lla financiase economicamente.

[...] A primeira ghaita que tuven foi en Si bemol, do señor Manolo. Ao chegar alí, a do señor Manolo, d'alá, contra Salvaterra, non sabes? [...]

[...] Tiña alá un taller de costureira, de costura, unha boa modista, de San Mateo e axudoume a pagar a ghaita a plazos, axudoume a pagar a ghaita e... Comprei a ghaita... unha cantora...! Que cantora máis ghuapa. En San Mateo de Oliveira non había outra como ela.

E ninguén me ensinou medio. Estaba un ghaiteiro nun palco... e por debaixo dos buxos axexare [...] E iba ás festas a aprender. E aprendín así, que ninguén díxome... Nadie, nadie, nadie. E noites, noites, noites... hasta as dúas da mañá... Miña nai debíame matare pero eu... De noite, ás dúas da mañá acordábame unha cousa e levantábame e ta!

Xa con instrumento propio comeza a súa andaina acompañándose dun bombo para ir cantar os Reis con veciños e veciñas da parroquia que tamén levaban pandeiretas e do que lembra o que fose a súa *Primeira Xota* [Ficha 41]. Ata o verán de 1923 non atopamos referencias de Luís Soutullo integrando algún colectivo musical: foi no grupo coñecido como O Gaitero de San Mateo para tocar nas festas de San Antonio.³² Na páxina 2 do xornal *EL TEA* do 13 de agosto dese mesmo ano, anúnciase que nas festas da Nosa Señora do Carme actuarán *los nuevos gaiteros de esta parroquia: Luís Soutullo Palmas, Graciano Iglesias y Evangelio Suárez*. Aclarar que nun claro erro do correspondente xornalístico que asina a nota, o segundo apelido do gaitero é Iglesias e non Palmas, pois este vén sendo o da súa nai. Indicar que con ese mesmo nome, e coa frase de *nuestro gaitero Soutullo se encarga del 24*, volven participar nas mesmas festas do ano 1933, cousa un tanto particular por canto que desde 1931 xa non vivía nese lugar, senón en Lira.

Durante estes primeiros anos o novo gaitero foi perfeccionando a técnica e formando un repertorio con pezas escollidas pola súa sinxeleza pero sempre cos ritmos

32. "SAN MATEO".- En los días 23, 24 y 25 del actual se celebrarán las tradicionales fiestas al glorioso San Antonio, siendo amenizadas por la popular banda de nuestra villa y los gaiteros de Moreira y de esta parroquia [...]

[*EL TEA*, nº 867, 23/08/1923; p. 3]

máis bailables e apreciados polo público. De feito, dúas das súas primeiras cancións foron un pasodobre [*Pasodobre 4* (Ficha 30)] e unha mazurca [*Mazurca 1* (Ficha 09)]. Como se acostuma a dicir, “naceu nunha época axeitada”, pois tivo a fortuna de aprender de grandes mestres da zona do Condado moito maiores que el e que acostumaban a aparecer como gaiteiros solistas acompañados de caixa e bombo con gaita en tonalidade de Re participando en diversas festas e concursos: Vicente de Canedo, *O Laia Vello*, *O Carreiro*, Antonio *O Marreco* e outros máis dos que falaremos máis adiante.



Fig.16 - Elvira González Álvarez, esposa do gaiteiro Luís Soutullo. Lira, 1931.

[Foto: S. Vidal. Arquivo familiar]

O Re tiña a súa ghracia pero eu en Re nunca toquei, pero había uns ghaiteiriños velliños, de 85 anos, que eran unha marabilla. No tempo en que eu aínda empezaba a tocar, tocaban en moitas festas. Había un que era *O Carreiro* e había *O Laia de Fontenla*. Ese *Laia* era un velliño vello, cuando morreu iba a facer 86 anos..., moi bo. Tocaba el, bombo e caixa... A propia ghaita enxebre e moi apreciada.

Como xa indicamos con anterioridade, 1931 vai ser un ano que marca un punto de inflexión na vida persoal e artística do noso protagonista cando, con vinte e catro anos de idade, o dezanove de decembro casa con Elvira González Álvarez: unha moza de Lira tres anos máis nova que el, filla de Joaquín e Perpetua, e coa que vai formar familia xunto cos seus cinco fillos: Manuel, José Luís, Antonio, Elvira e Valentín. A partir dese momento a gaita vai ter que compartir espazo e paixón coas obrigas e labores propios dunha familia labrega de mediados de século XX afincada no rural galego, onde Luís Soutullo Iglesias exerce a profesión de carpinteiro.

Malia todo, en realidade, este cambio de domicilio ao lugar do Pouso na parroquia salvaterrense de Lira, non afecta negativamente na evolución do gaiteiro por canto que soamente pouco máis de dez quilómetros o separaban da súa parroquia natal e o espazo xeográfico no que os veciños se desenvolvían social e economicamente era o mesmo. É a partir deste cambio cando Soutullo amplía a agrupación musical cun

elemento máis: o clarinete requinto, pasando do trío do Gaiteiro de San Mateo ao cuarteto coñecido como O Gaiteiro do Soutullo ou O Gaiteiro de Lira. Así actuará ata a súa chamada a filas tras o golpe de estado franquista que levaría a toda España a un dos períodos máis execrables da súa historia e que paraliza calquera actividade cultural e social desde 1936 a 1939.

Coa Guerra Civil española rematada, Luís volve á súa casa intentando esquecer os horribles momentos pasados e reactiva inmediatamente o seu grupo como ben se manifesta no programa de festas das Angustias de Guillade no mes de abril de 1939. Comeza así a época «máis gloriosa» que tivo seu grupo en toda a súa traxectoria. De cuarteto pasa a quinteto coa incorporación dun clarinete máis, e muda a tonalidade da súa gaita do Si bemol ao Dó do diapasón da época.

A miña ghaita estaba en Dó brillante para acoplar cos clarinetes mui ghordos, mui... Parecido ao Re pero un pouquiño máis cheo.

Despois da tempada de verán de 1956, Soutullo, con 49 anos de idade, decide desfacer o grupo para dedicarse exclusivamente á súa profesión de carpinteiro e a atender as necesidades e traballos da casa.

[...] á ghaita aínda quíxenlle muito, quíxenlle muito. E un, mentres sabe un oficio ten que mandar nos outros...non sabes? O oficio de ghaiteiro é mui bonito. Eu quíxenlle muito pero tiña a carpintería, tiña traballo a montón, marcháronme os fillos...

[...] O meu grupo túveno trinta anos... pois... haille... Eu tiña, cando deixei de tocare corenta e nove anos e deixei de tocare no 56. Deixei de tocare con corenta e nove anos... Eu nacín no 7... Eu toquei trinta anos xustos, pero bueno porque os tres anos da ghera eu marchei, porque niso entrou a ghera de España que durou 3 anos, do 36 ao 39.



Fig.17 - De esquerda a dereita: Elvira, esposa do gaiteiro Luís Soutullo e os seus fillos: Manuel, José Luís, Antonio, Elvira e Valentín. Lira, 1945, aprox.

[Arquivo familiar]

Fig.18 - (φ) Programa de festas onde se anuncia a participación do cuarteto El Soutullo. Probablemente a primeira actuación tras o remate da Guerra Civil. Guillade - Punteareas, 1939.

[Cortesía de Xosé Anxo Rosales]

GUILLADE 1939
Año de la victoria

PROGRAMA
de los festejos que en honor de la
Stma. Virgen de las Angustias
se celebrarán en esta parroquia los días 15, 16 y 17 de Abril

Día 15

A las siete de la tarde, el disparo de potentes bombas anunciará la llegada de la renombrada

Banda de Música de Punteareas

y del cuarteto típico de gaita **EL SOUTULLO**, contratados para amenizar estas tradicionales fiestas.

A las siete y media, en la Iglesia parroquial, **VISPERAS RELIGIOSAS**, con la solemnidad de costumbre.

Día 16

A las ocho de la mañana, previo el disparo de estruendosas salvas de bombas la Banda de Música de Punteareas y la gaita "El Soutullo" recorrerán las calles, tocando alegres dianas.

A las once, **MISA SOLEMNE** a toda orquesta, en la cual pronunciará el sermón panegírico a la Santísima Virgen el elocuente y virtuoso orador sagrado **Dr. García Lara**, canónigo de la S. I. Catedral de Tuy.

Concluida la Misa, saldrá de la Iglesia la **PROCESION DE LA SANTISIMA VIRGEN DE LAS ANGUSTIAS**, cuya venerada imagen lucirá brillantes y riquísimas galas.

A las cuatro de la tarde,

PASEO DE MODA

en el que participarán la Banda de Música de Punteareas y el cuarteto de gaita típico "El Soutullo".

A las diez de la noche, **GRAN FOLIÓN** con el concurso de la banda de música y gaita expresados.

Día 17

Repetición de todos los festejos del anterior día.

NOTAS

Durante estos días el Trono de la Santísima Virgen de las Angustias lucirá una fantástica iluminación eléctrica. También las calles de la localidad serán iluminadas con la mayor profusión durante la noche.

En varios intervalos de la celebración de estos festejos se quemará gran cantidad de fuego fijo y volador procedente de los afamados pirotécnicos de la Región.

Saludo a Franco: ¡ARRIBA ESPAÑA!

La Comisión.

Desde o momento desa decisión, e moi especialmente a raíz do pasamento da súa dona Elvira en maio de 1967, a presenza pública do noso protagonista como gaiteiro, sempre como solista, redúcese a celebracións de tipo familiar ou a aparicións nalgúns dos bailes no recentemente creado Teleclub de Lira, cuxo local linda co seu propio domicilio. Se cadra, a súa participación nun concurso de gaitas celebrado en Pontevedra foi unha destas aparicións. Sobre este concurso non puidemos concretar moitos datos. Coidamos que debeu ser a finais da década de 1960 ou comezos da de 1970, e só sabemos que o gañou acompañado duns mozos non moi preparados no toque da caixa e o bombo.

Cando estiven en Pontevedra e toquei cos rapaciños toquei cousas ghuapas que non me acordo aghora.

[...] alí en Pontevedra, que fun alí a uns premios. Eramos cinco conxuntos e eu gañei o primeiro premio. Sabes canto deron?...

Viñéronme buscar aquí... Isto é unha verghonza que eu o digha pero o digho porque usté está aquí e non vai pradicar máis. Decía moita xente, que tiña fillos ghaiteiros e así, que me tiñan envidia, decían así:

- Que raio vas ti...? Que hostia vai ese...? Ese lambón do Soutullo se non sabe facere...

Eu xa non tiña... non tiña arruídos, non tiña batería, xa non tiña nada. Fun solo coa ghaita primeira ben preparadiña... Aí había un teleclú e había un fulano que era socio do teleclú, un bo socio, era *O Limas*... Era *O Limas*, que cantaba ben. E entón eu estaba aí a tocare... pedíronme pra tocare aí no teleclú, que está aí lindando comigho:

- Usté é...?

- Si. Por que?

- Coño! Usté ten bos dedos.

- Teño bos dedos. Teño como usté. Usté non nos ten tamén?

- Non, pero os meus non saben... como usté, carallo.

E toquei unha cousa e entón ese fulano díxolle aos de Pontevedra: *Hai aí un ghaiteiro en tal sitio que vale, vale... solo que non ten compañeiros. Tocou moitos anos pero despois retirouse de tocare e...*

E entón viñéronme buscar uns mozos para ir comigho, *que fora, coño, que era tocar un par de cousas, solo xotas e muiñeiras*. E toqueille unha entrada de pasodoble



Fig.19 - A partir de finais da década de 1950, Luís Soutullo centra os esforzos no seu oficio de carpinteiro, os labores da casa e a familia.

[Arquivo familiar]

[Ficha 33] para beillar alí os rapaces novos... Eran listos como raios. Alí en Pontevedra habíaos bos, eh?, como picaban na ghaita. Un tiña catorce anos e o outro tiña quince. Tocaban que os partía un raio, si. Entón pedíronme si lles tocaba un par de cousas e díxenlle:

- Si, home, as que queiran... si as sabedes tocare...

E entón, tocaban a caixa e bombo. Eu toquei o pasodoble. E entón non... Tiven que tocar eu solo a ghaita, non tocaron, non o sabían. Solo tocaban xotas e muiñeiras.

O 8 de setembro 1997, Luís Hermenegildo Soutullo Iglesias, o “gran transportador na gaita”, finou. Os seus restos descansan no panteón familiar do cemiterio de Lira xunto ás cinzas da súa querida Elvira. O mestre deixa tras si un importante legado musical e unha fonda pegada na memoria de cantas persoas tivemos a sorte de gozar da súa arte. Para nós, os Gaiteiros da Xistra de Coruxo, o seu pasamento nunca supuxo un punto e final e aínda que tivemos a posibilidade de agradecerlle en vida canto fixo pola música popular de Galiza, e moi especialmente da zona do Condado, a través de diversos actos públicos, non deixaremos que a figura do de Lira volva a caer no esquecemento. Razón pola que agora editamos o presente traballo.

Os actos públicos aos que fixemos referencia foron: a Homenaxe ao Gaiteiro organizado polo Etnográfico A Buxaina do C.R.A.C. de Coruxo no teatro García Barbón de Vigo en Nadal de 1992, ao que infelizmente non puido acudir por motivos de saúde, sendo representado polo seu fillo Manuel. Ao acto asistiron diferentes autoridades daquel entón, e actuaron grupos de importancia no eido da música tradicional galega como Mercedes Peón e os Gaiteiros Treixadura. Un segundo acto foi a homenaxe que nós mesmos organizamos en Lira, no torreiro de festas situado en fronte da súa casa e no que participaron familiares e veciños.

Fig.20 - (Φ) Programa de man.

[Foto: José Antonio Fernández]




Fig.21 - (Φ) Manuel Soutullo González representando o seu pai no Teatro García Barbón de Vigo na súa homenaxe do 12/12/1992.

[Foto: J. Antonio Fernández]

O sábado 16 de novembro de 2024, na igrexa de San Simón de Lira dentro dos actos programados no Día da Restauración da Memoria Lingüística de Galiza, vólvese a recoñecer a figura de Luís Soutullo cun emotivo acto no que participaron, ademais de familiares, veciños e os Gaiteiros da Xistra, membros da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, da Xunta de Galicia, do Concello de Salvaterra de Miño e da Igrexa Católica representada polo párroco Clodomiro Ogando. Como remate desta homenaxe, e para que quedase constancia pública, procedeuse á colocación no panteón familiar dunha nova lápida, esta vez escrita en lingua galega: a mesma que o gaiteiro sempre empregou.

Fig.22 - (φ) Integrantes de Xistra de Coruxo nos actos celebrados co gallo de cambio de lápida en lingua galega. Cemiterio parroquial de Lira, 16/11/2024.

[Foto: Chelo Davila]





Nova lápida de Luís Soutullo e a súa dona Elvira no panteón familiar situado no cemiterio parroquial de Lira.

[Foto: Xerardo F. Santomé]

Fig.23 - (φ) EPITAFIO:

Aquí descansa quen nos fixo felices. Aínda resoan no Condado os sons da súa gaita anunciando alboradas de festa que veciños e veciñas non esquecen. 16 de novembro de 2024. Acompaña a súa dona ELVIRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ, con que compartiu a súa paixón e o seu amor.

Despois de todos estes anos de admiración e estudo da traxectoria de Luís Soutullo Iglesias e a súa obra, a impresión polas novidades foi perdendo en nós intensidade, pois como se desprenden das fontes consultadas consideramos que estamos diante dun gaitero e dun grupo de moi boa calidade e de moita sona, especialmente no Condado. Un grupo que, segundo pasaban os anos e os éxitos nas festas, melloraba tecnicamente nas interpretacións e non renunciaba a nada: era un grupo creado para «ir á competencia».

Este concepto de «ir á competencia», ou de facelo mellor que os outros, non é exclusivo dos gaiteros,³³ pois era un dos motores que motivaban os novos repertorios e obrigaba a intensos ensaios, pois segundo o noso protagonista non todos se atrevían a compartir programa con determinados grupos de nivel contrastado por medo a non quedar ben diante da calidade deses grupos e non volver a ser contratados en edicións posteriores:

[...] donde ían Os Teixughos ou Os Raposos non ía calquera... había que...

[...] Nós tocabamos para as competencias, cando se canta no campo era con pandeireta.

Tamén era de cantare (en referencia a *Serrana mía* [Ficha 48]). Fumos con ela a Fontenla e o gaitero de Fontenla tíñase por moi chulo e levaron unha pallera...

Agora ben, coidamos que para poder competir a eses niveis era preciso cumprir, polo menos, cinco requisitos fundamentais que si aparecen na traxectoria artística do de Lira: a paixón pola música complementada cunha boa técnica, coñecementos, un colectivo disposto a admitir e confiar nun bo director cun liderado forte e decido, un bo repertorio adaptado á «moda do momento» e, por último, dominar un bo instrumento de calidade suficiente como para poder interpretar ese mesmo repertorio con garantías.

33. “CRISTIÑADE”.- Para la festividad de los Dolores, que se celebrará el 8 y 9 de agosto, “batirán la canela”^m, las filarmónicas de Cristiñade y Gulanes, en competencia y para burlarse de esas dos charangas que los de Angoares han llevado para la festividad de las Angustias, Va a arder Troya. Promete estar, como otras veces, muy concurrida esta fiesta. CORRESPONSAL.

[EL UMA, nº 7, 14/05/1925; p. 4]

II.2. Paixón e técnica

En canto ao primeiro destes factores, non cabe dúbida, como xa ficou reflectido, que a paixón pola música e pola gaita galega, a Luís Soutullo xa lle veu de seu desde temperá idade. Ao longo do tempo adquiriu tal coñecemento do instrumento que obtivo a lexitimidade necesaria para aprender e ensinar con humildade; e así como tivo a fortuna de aprender dos vellos gaiteiros, tamén el soubo compartir técnicas e repertorios con outros.

Eu tamén funa aprendere para ir ás competencias... facíame falta.³⁴ Funa a aprender alá, á entrada de Xinzo, que eran bos músicos, os que facían as ghaitas, conoces?. Fun alí ao taller do fillo, alí en Xinzo, alí enriba... E aprendina e valeume moitas veces. Fun a aprendela e... pero había unha parte... unha parte cunhas notas atranquilladas... e non me entrou. Claro, fun hoxe e non volvín máis porque tuven que ir á competencia e non a agharrei, e despois si, despois acordoume.

Tiña cada ribeirana...³⁵ Esta ten atranquillado. Tuven gaiteiros que subían onde a min propiamente, totalmente pa saber como eu tocaba esa peza. E si lla toco á ghaita e non miran como eu puxen os dedos, non a quitaban. Parece mentira. E viñeron onde a min pa tocala. Non me pagaban pero... Eu non valía nada pero...

Díxome o de Fontela (en referencia a Ricardo Represas Álvarez):³⁶

- Ti donde aprendiche aquela muiñeira que tocache en Ponteareas, na festa do San Roque, donde a aprendiche?

- Onde aprendín? Na casa de dios. Usté sabe do gaiteiro de Ventosela..?

- Teño oído falar del.

- Pois aprendinlla a el, aprendinlla a el.

Viu onde a min e entón díxenlle donde se calcaba pa tocala. Que non foi capás de tocala, eh?... un gaiteiro... manda carallo! E tíñase por gaiteiro e a min ghustábame ese gaiteiro, eh? Non vou... eu son sano: usté pode ser un mal amigho meu, mal amigho, pero... [...] Pois eu fixen así: fun unha ves a velos a Fornelos e collina medio escondido e xa mirei onde calcaba cos dedos e saliume... Xa hai moitos anos. Ha de haber xa de

³⁴. En referencia á *Alborada de Veiga*.

³⁵. En alusión ao *Laila Vello* e á Ficha nº 42. Vid. Páx. 195.

³⁶. Gaiteiro do grupo de Fontenla. Vid. Páx. 126.

Fig. 24 - Na páxina 53: Os Soutullos de Lira, década 1940.

[Arquivo familiar]

vinte e oito anos pa trinta.

Pero ensineille a profundo. Fíxenlle palletas... Ensineille a profundidá pero non vin nada del. Fixéronlle en Xinzo dúas ghaitas de madeira neghra. A unha corteille un tercio. Unhas ghaitas boas... Como o ghobierno non quería que quedase España... Galicia sin ter ghaiteiros. Eran dúas ghaitas e non sei por onde as levaría. Eramos comunistas. Era un mozo novo.³⁷

II.3. O colectivo

En relación ao segundo dos factores mencionados con anterioridade, toda esta bagaxe de coñecementos e motivacións conduciu ao noso protagonista a ter que dar un paso decisivo cara adiante se quería facer realidade a súa paixón: buscar e atopar compañeiros que o seguisen na súa aventura musical. Primeiro rodeouse de caixa e bombo de cando O Gaiteiro de San Mateo, para ir incorporando outros instrumentos xa en Lira. E para isto tivo que converterse en director, nun líder; un rol que a historia demostraría que cumpriu meritoriamente. El encargouse de buscar as actuacións, estipular e asinar as condicións dos contratos coas comisións de festas e institucións, propoñer os repertorios, dirixir as «academias»,³⁸ escoller as pezas e a súa orde de interpretación durante os concertos, etc.

Eu para ir tocare tiña o compromiso de todos. Si había un número que faltaba tiña que buscar eu na banda de música... Era o meu traballo.

Eu escribía cartas aos curas para ver si era a mantido ou ao que sea, ou o que quixeran...

Que va. Eu era o que mandaba. Picáballe as primeiras... Á seghunda nota que daba xa estaba. Entrábamos en diante de quen fora que non fallaba un. Moitas tiñan nome, si...³⁹

Eu tamén fu ruín, fun ruín, *ja-ja-ja*. E que tiñamos muita fama, non tiñamos parada... Tocamos na Ghuardia, tocamos en Valença do Miño, en Portugal... *O español é a senteilla*.

37. En referencia a un xove ourensán que lle visitou no seu entón coa intención de aprender.

38. Na zona sur da provincia, polo menos, era moi habitual chamarlle academia aos ensaios colectivos dedicados á música popular, xa fosen bandas, gaiteiros, rondallas...

39. Esta é a resposta á pregunta de como sabían que peza ían tocar despois e se lle tiñan nomes ás pezas do seu repertorio.





Fig.25 - O bombeiro Juan Soutullo Iglesias.
[Arquivo familiar]

Ao tocar-e tamén hai días, eh? Hai días que non hai ghanas de tocar-e nin hai... É a suerte. Si tes un bo día... Si estaba eu mal, estaban todos mal, me cagho en dios! Cando eu estaba mal estaban todos... Manda hostia!

Por outro lado, non sería de recibo esquecer colectivos que dirixiu e os compañeiros que con el escribiron tan marabillosa historia. Polo grupo do Gaiteiro do Soutullo de Lira pasaron diferentes músicos populares. Formaron no grupo os seguintes músicos:

NOME / <i>ALCUME</i>	LUGAR	INSTRUMENTO
Luís Soutullo Iglesias	San Mateo e Lira	Gaita
Graciano Iglesias	San Mateo	Percusión
Evangelio Suárez	Fornelos	Percusión
Juan Soutullo Iglesias	San Mateo	Bombo
<i>O Cartaghena</i>		Caixa
José Ocampo Corredoura, <i>O Laia</i>	Fontenla	Caixa
Melchor	San Mateo	Clarinete
Horacio, <i>O Gharcía</i>		Bombo
Constante		Clarinete
Rafael, <i>O Nabizo</i>		Requinto

Soamente permaneceu inamovible a gaita do señor Luís aínda que el mesmo manifesta que houbo dos gaiteiros veciños que chegaron a tocar con el. O que non sabemos con certeza é se se trataba de xuntanzas ocasionais para outro tipo de «actuacións de tipo menor», como podían ser foliadas ou feiras que non requirían a presenza de toda a murga ou formando parte dela; o que significaría incluír na mesma un dúo de gaitas: combinación instrumental moi pouco habitual pola zona nesa

época se exceptuamos Os Raposos de Budiño. Estamos a falar de Domingo Rodríguez Pereira, *O Verghas*, e do mozo Antonio González Fernández, *Do Sacristán*.

II.4. Os coñecementos

Loxicamente, isto non se podería ter dado se non se coñecen e controlan os instrumentos e todos aqueles elementos que interveñen para que se dea unha boa interpretación. Así, o mestre, estudou e porfiou no coñecemento da gaita a base de erro e ensaio. Foi quen de arranxar partes, construír as súas propias palletas e *saber o que entra no punteiro e o que non entra*, como dicía o mestre falando das melodías máis modernas aprendidas das bandas de música ou das emisoras de radio. Por outro lado, permítanme aquí reproducir unha das súas frases máis explicativas sobre o asunto, e que expresa a humildade da que tanto falamos: *da patada dun burro ás veces sae algo*, referíndose a como el mesmo foi quen de chegar a onde chegou sen máis estudos que a experiencia lle concedeu.

Os punteiros das ghaitas... manda hostia! Si saen... O que sae bo xa sae de gholpe. No que hai que andar muito e tocar n'el... xa nada, xa non vale unha hostia... xa non vale, me cagho na puta que o pariu.

[...] Eu así rompín dous punteiros de madeira neghra. Non me serviron, non me serviron... e ao acabar unha festa, tras!... hasta que din cun punteiro que non me deixou quedar mal, nunca me deixou quedar mal. Suerte, non? Iba a tocara a unha festa, coño, iba con aquel... Tocaba que era unha marabilla e así como a ghaita tocábaa un pouco... *aj!* A ghaita quere ir floreada. A min tamén me ghustaba florear a ghaita.

(De como e de quen aprendeu a facer as palletas). Do primeiro que me fixo a ghaita. A primeira ghaita que tuven foi en Si bemol, do señor Manolo. Ao chegar alí, a do señor Manolo, d'alá, contra Salvaterra, non sabes?:

- E a ti que che pasa?

- Ti, cando te acordes de min... quero copialas túas para eu tamén facer unha palleta... cando poidas - eu era un rapaz.
- Cando si eu quero e... - e fixo unha palleta.

[...] Primeiramente non o conocín (referíndose a Antonio *O Marreco*) pero cando cheguei alá, a Xinzo... Fun a Xinzo, funlle enseñare a feitura das miñas palletas...

- Mirai esta ghaitiña. Esta ghaitiña ten una ano - e despois empecei a tocare e os dous irmáns: un era Jesús e o outro era Antonio, eran d'arriba, non sabes?

- A ver, a ver, toca - e toquen e dicen:

- Hostia! - estaba en Dó brillante.

- Este tono, este sonido era o dos Teixughos.

- Non me jodas!

- Si este tono era o dos Teixughos.

Féxenlle un totelo... un tubiño con menos anchor, menos ghueco, de metal, de lata de tal cousa.

- Aghora si que me jodeches. Copiaches ti o das palletas?

- Si.

- Trae dúas. Esta é un Re. Teilo?

- Si, aquí, e tamén en Dó.

Meteu e empecei a tocare unha muiñeira.⁴⁰ E dixo:

- Carallo...!

Aos pasodobles cantas menos voltas, mellor. Non é por pesados... hai que... Tocando limpo hai cousas que...

Sendo cos clarinetes, os clarinetes tamén axudan, que hai partes que pa tocalas na ghaita é difícil. Sempre entra unha voltiña que, claro, non hai instrumentos de música propia... A música ten instrumentos... ten instrumentos e entón hai partes que pa facelas un ghaiteiro... Se son limpas non queren moitas partes; se son de moitas partes non saen ben.

⁴⁰. En alusión á Ficha nº 24. Vid. Páx. 189.

II.5. O repertorio

Luís Soutullo tamén asumiu con éxito o traballo fundamental do terceiro factor, o dun bo repertorio. Falar polo miúdo do amplísimo repertorio do seu grupo non resulta doado, pois o tipo de melodías e procedencias das pezas que o compoñen é variada: tradicionais galegas aprendidas doutros gaiteiros, bailables de moda de bandas de música populares ou das emisoras de radio ou de discos de lousa; esta última en menor medida.

Coa intención de abreviar este complexo mundo das pezas do Soutullo, adiantamos que as cualificadas como tradicionais serán obxecto de análise máis adiante cando nos deteñamos en falar dos gaiteiros dos que as aprendeu. Noutra orde de cousas, e tamén a xeito de resumo, presentamos un cadro coas cancións e melodías que conformaron o repertorio que, tanto a nivel individual como colectivo, foron interpretadas polo de Lira, e que el mesmo nos cantou nas visitas realizadas á súa casa. Indicar que as que aparecen como “tocadas” están executadas á gaita polo mestre e foron gravadas por Manuel Ángel Rodríguez, *Malaque*, arredor de 1980. Pero antes permítannos recoller algunhas apreciacións na propia voz do noso protagonista:

Haiche cousas que son vellas pero sonche moi boas.

Aprendiamos cancións. Siempre andabamos... Siempre repertorio novo. Si estás sempre coa mesma cousa non vale pa nada. O pueblo abúrrese, sabes? Polcas aghora non se levan, pero antes... Aghora todo son sambas.

Toquei muitos foses, pericóns, pasodobles buenos, sambas buenas, mazurcas tamén... Nas festas había que agharrare de todo: unha cousa boa ou pequena ou ghrande.

Fixemos cousas portuguesas. Viñeron aquí uns de Portugal a tocare... un conjunto.
[Canta *A banana non ten caroso*].

Aos pasodobles cantas menos voltas, mellor. Non é por pesados... hai que... Se son limpas non queren moitas partes; se son de moitas partes non saen ben.

Nós cantabamos, si, hombre. Tocabamos e cantabamos, si hombre, si. É moito bonito... Cantabamos un pasodoble... porque os pasodobles son mois bos pa cantare (canta).⁴¹ Como eramos dous clarinetes, cantabamos. Había un clarinete que cantaba que o par-tía un raio. Un cantaba e outro acompañaba, cantaba mal.

Había cousas que coa ghaita quedaba ben a letra cantada... pero cousas que son tan ghuapas...

O ghaiteiro que se tiña por ghaiteiro, que era ghaiteiro, non aprendía cousas de cantar das mulleres nin de... porque non salían... non sabías como salían... A veces tiñamos que entrar a retocar nas cousas e despois iban ao sitio que non eran e despois de tocala unha vez... e mal ensaiado non vai ao sitio, eh? É moi raro.

Eu tuven un compañeiro de clarinete que tocaba bastante ben pero si había que reinterpretar (p.d.) unha peza, decía: “agora cambiámola así por...” Todos marchaban ben pero el non, era imposible... E tiña razón, tiña razón.

Deseguido esbozamos en formato de táboa, ordenada alfabeticamente polo seu título, as 59 pezas que Luís Sotullo nos cantou e tocou. Advertir que os títulos con (*) foron postos por membros da Asociación Gaiteiros da Xistra coa intención de poder distinguilos e así estudalos; os demais xa son coñecidos co título asignado ou elixido polo propio mestre. A seguinte táboa inclúe unha columna cos 71 audios rexistrados ao Gaiteiro de Lira tamén ordenados numericamente en relación aos títulos presentados noutra das columnas. En ambas as dúas faise referencia ás fichas e páxinas correspondentes onde poder consultar algunhas características e outros detalles e informacións de cada melodía.

⁴¹. Canta *Bendita tierra sevillana*. Vid. Ficha nº 1. Páx. 180.

Velaquí todo o que nos cantou e tocou o noso protagonista:

FICHA	TÍTULO	AUDIOS	PÁXINA
1	<i>Bendita tierra sevillana</i>	001-AUD	180
2	<i>Carallo aí vai</i>	002-AUD	180
3	<i>Carolina, A</i>	003-AUD	181
4	<i>Foliada de Tenorio</i>	004-AUD	181
5	<i>Fose</i>	005-AUD	182
6	<i>Galo, O</i>	006-AUD; 007-AUD	182
7	<i>Ja-ja-já, O</i>	008-AUD	183
8	<i>La enredadera</i>	017-AUD	183
9	<i>Mazurca 1 (*)</i>	018-AUD	184
10	<i>Mazurca 2 (*)</i>	019-AUD	184
11	<i>Mazurca 3 (*)</i>	020-AUD	184
12	<i>Mazurca 4 (*)</i>	021-AUD	185
13	<i>Mazurca de Antonio O Pequeno</i>	022-AUD	185
14	<i>Mazurca de Vicente de Canedo</i>	023-AUD	185
15	<i>Mazurca do Laia</i>	024-AUD	186
16	<i>Mazurca dos Trabazos</i>	025-AUD	186
17	<i>Miña nai foi ao muiño</i>	026-AUD	186
18	<i>Muiñeira 1 (*)</i>	027-AUD; 028-AUD	187
19	<i>Muiñeira 2 (*)</i>	029-AUD; 030-AUD	187

FICHA	TÍTULO	AUDIOS	PÁXINA
20	<i>Muiñeira 3 (*)</i>	031-AUD; 032-AUD	187
21	<i>Muiñeira de Ventosela</i>	033-AUD; 034-AUD	188
22	<i>Muiñeira de Vicente de Canedo</i>	035-AUD	188
23	<i>Muiñeira do Laia 2 (*)</i>	036-AUD	188
24	<i>Muiñeira sencilla</i>	037-AUD	189
25	<i>Na beira</i>	038-AUD	189
26	<i>Oye, míralo bien</i>	039-AUD	190
27	<i>Pasodobre 1 (*)</i>	040-AUD	190
28	<i>Pasodobre 2 (*)</i>	041-AUD	190
29	<i>Pasodobre 3 (*)</i>	042-AUD	191
30	<i>Pasodobre 4 (*)</i>	043-AUD	191
31	<i>Pasodobre 5 (*)</i>	044-AUD; 045-AUD	191
32	<i>Pasodobre 6 (*)</i>	046-AUD	192
33	<i>Pasodobre do concurso (*)</i>	047-AUD; 048-AUD	192
34	<i>Pasodobre do Laia</i>	049-AUD	192
35	<i>Pasodobre do Leirós</i>	050-AUD	193
36	<i>Pasodobre do Pingueiras</i>	051-AUD	193
37	<i>Pasodobre do Ventosela</i>	052-AUD; 053-AUD	193
38	<i>Pericón, O</i>	054-AUD	194

FICHA	TÍTULO	AUDIOS	PÁXINA
39	<i>Pernas de María, As</i>	055-AUD	194
40	<i>Polca</i>	056-AUD	194
41	<i>Primeira Xota de Soutullo (*)</i>	057-AUD	195
42	<i>Ribeirana do Laia</i>	058-AUD	195
43	<i>Rumba dos Raposos</i>	059-AUD	195
44	<i>Rumba dos Teixugos</i>	060-AUD	196
45	<i>Samba</i>	062-AUD	196
46	<i>Samba 2 (*)</i>	061-AUD	196
47	<i>Seis partes, O</i>	063-AUD	197
48	<i>Serrana mía</i>	064-AUD	197
49	<i>Tú eres la mar</i>	065-AUD	197
50	<i>Valse do perromé</i>	066-AUD	198
51	<i>Valse dos Teixugos</i>	067-AUD; 068-AUD	199
52	<i>Valse</i>	069-AUD; 070-AUD	199
53	<i>Ven Soledá</i>	071-AUD	199
54	<i>Xota de Fontenla (*)</i>	009-AUD	200
55	<i>Xota de Vicente de Canedo</i>	010-AUD	200
56	<i>Xota do Laia 3 (*)</i>	011-AUD	200
57	<i>Xota do Laia</i>	012-AUD; 013-AUD	201

FICHA	TÍTULO	AUDIOS	PÁXINA
58	<i>Xota mexunxe</i> (*)	014-AUD	201
59	<i>Xota solta</i>	015-AUD; 016-AUD	201

Dun xeito ou outro estas 59 pezas deberon conformar parte do seu repertorio tanto como solista como en grupo. En resumo, do total destas melodías, 18 son pasodobres, 10 mazurcas, 9 muiñeiras, 8 xotas, 5 valeses, 3 polcas, 2 rumbas, 2 sambas e 2 foses (fox-trot). Isto demostra o importante legado musical que o mestre nos deixa. Un legado que reflicte á perfección a evolución dos repertorios cara aos gustos cambiantes do público e a adaptación das formacións e os instrumentos aos mesmos.

Por outro lado, se realizamos unha nova análise destas pezas segundo a súa orixe, e sempre atendendo as indicacións de Soutullo de como e onde as aprendeu, poderemos clasificalas seguindo outros criterios:

1. Pezas da súa autoría e/ou pezas arranxadas polo mestre.
2. Pezas aprendidas doutros gaiteiros: coñecidos e/ou descoñecidos.
3. Pezas aprendidas doutras murgas: coñecida e/ou descoñecidas.
4. Pezas aprendidas das bandas civís de música popular: coñecidas e/ou descoñecidas.
5. Pezas de moda aprendidas das emisoras de radio, discos de lousa ou vinilo.

No primeiro grupo apenas temos datos que chegar, pois poucas son as pezas que Luís Soutullo admite como da súa autoría; se cadra algún bailable como algunha parte do *Pasodobre do concurso*. Mais onde si que atopamos a súa influencia compositora é nos arranxos doutras moitas; especialmente naquelas escoitadas a outros gaiteiros e ás que el mesmo engadiu algunha parte nova ou modificou algunhas frases. Exemplos desta última contribución son *A Carolina* e *O Galo*, onde incorpora unha

parte totalmente descoñecida ata o de agora.

En relación ao segundo grupo, cronoloxicamente cabe deducir que a principios do século XX, época de esplendor dos gaiteiros solistas como *O Laia Vello*, Vicente de Canedo, *O Ventosela* e outros cuxo nome non lembra, o que máis se tocaban eran muiñeiras, xotas e pasodobres, pero tamén moi especialmente mazurcas. Posteriormente, se cadra influenciadas polas modas e o emprego do clarinete que xa viña formando parte dos cuartetos, as murgas van centrar o seu repertorio en máis pasodobres. Incluirán ademais rumbas e sambas en detrimento dos ritmos máis tradicionais que en poucas ocasións interpretan, e que sobreviven nos seráns e «festas pequenas», pois o *agharrado* impoñese nas festas patronais de maior concorrencia e competencia. Así, no terceiro grupo atopamos grande influencia de murgas como Os Trabazos de Ourense, Os Teixughos do Cerquido ou Os Raposos de Budiño, entre outras.

Paralelamente a esta evolución e coa mesma intención de atopar outras fontes de inspiración musical para dotar de novidades ao seu repertorio, Luís Soutullo e outros centraron a súa atención noutras formacións coas que compartían programacións festivas: as bandas civís que, como xa indicamos, existían en bo número na zona do Condado, especialmente en Ponteareas. Así comprobamos que no seu legado aparecen, polo menos, un total de 11 pezas aprendidas escoitando a este tipo agrupacións e mesmo axexando ás agachadas durante os seus ensaios.

Vicente de Canedo, á música de Ponteareas... que había as bandas de Ponteareas... Tiñan medo del. Cando a banda estrenaba un pasodoble, xa o tiña el botado. Xa iba antes e *pumba!* llo botaba el...

O mesmo aconteceu no caso das melodías escoitadas a través de receptores de radio onde as cancións en español soaban acotío. De aí veñen moitos vales como *La Enredadera*, e ritmos latinos como sambas e pericóns, e moi especialmente cancións

de copla como *Triniá*, que nós titulamos como *Pasodobre 3*.

E xa para rematar esta primeira aproximación ao repertorio dos Soutullos só falla falar das cantadas. Aquí debemos subliñar que a maioría destas pezas, normalmente cantadas polos clarinetistas, tiñan e teñen certa intención provocadora, rodeadas de picaresca e un tanto de «ousadía» para a época en que se interpretaban e que hoxe en día cualificaríamos de impropias. Estamos a falar de pezas como a muiñeira *Carallo aí vai* que si se cantaba popularmente, pero non enriba dun palco, do *Valse do Perromé* ou o retrouso do *Pericón*.

Cantabamos un pasodoble... porque os pasodobles son moi bos pa cantare (canta *Bendita tierra sevillana*, [Ficha 01]). Como eramos dous clarinetes, cantabamos. Había un clarinete que cantaba que o partía un raio. Un cantaba e outro acompañaba, cantaba mal. Había cousas que coa ghaita quedaba ben a letra cantada... pero cousas que son tan ghuapas...

Cantabamos un valse que ás mulleres non lle ghustaba nada: o do *Perromé*. Non lle ghustaba nada, e dicían: *o Soutullo, aí está o maricón...* ou *Soutullo está a tocar-e pa tomarnos o pelo*.

II.6. Un bo instrumento

Sen gaita no hai gaiteiro, porque quen toque a gaita hai moitos pero gaiteiros moi poucos. Hai que coñecer o que é unha gaita e un bo gaiteiro sempre ten unha boa gaita; así nos falou Xosé Suárez Rodríguez (1932 - 2022), bombeiro dos Morenos de Lavadores. E así pensaba o de Lira, que porfiou na posibilidade de ter un bo instrumento co que facer fronte ás competencias. E abofé que o conseguiu, pois non dubidou en buscar ao mellor construtor de gaitas, nin en modificar algunhas das súas partes empregando madeiras diferentes como se non importase a estética.

Fig.26 - (φ) A derradeira gaita de Luís Soutulo.

[Foto: Xerardo F. Santomé]



Deseguido presentamos a gaita que este mestre empregou durante a case totalidade da súa vida artística, a mesma que el mesmo nos amosou a principios da década de 1990, e que, xunto a outras pezas, chegou a nós nun magnífico estado de conservación grazas aos coidados dos seus familiares. Trátase dunha gaita redonda en tonalidade próxima ao que sería un Dó brillante no diapasón actual que o construtor de instrumentos tradicionais galegos Olimpio Xiráldez, despois dun minucioso estudo, describe do seguinte xeito:

- Fol de goma de pneumático con forma de «peixe martelo»; é dicir: as buxas do soprete e a do ronco están en sentido oposto formando unha especie de arco aberto. As buxas son de madeira tropical aneladas en latón agás a do punteiro que é de buxo anelada en alpaca, que probablemente pertencese á súa primeira gaita. O vestido é de pano e, ao igual que os farrapos, presenta as cores da bandeira española, tan comúns na época franquista. Sinalar a perda do vestido de fol personalizado feito en pano azul con adornos florais e coa



Fig.27 - (Φ) Vestido personalizado do fol da gaita de Luís Soutullo.

[Foto: Xerardo F. Santomé]

inscrición *L. Soutullo* bordados en fíos de cores amarelas e vermellas, do que soamente dispomos dunha imaxe tomada cunha cámara fotográfica das de fai máis de vinte e cinco anos.

- O ronco tamén é de madeira tropical escura, destacando a terza da copa sobre as outras dúas, pois esta presenta unha fasquía máis perfeccionada e presenta dúas anelas de marfil: unha na copa e outra na parte intermedia da terza, cousa esta moi particular e pouco vista nas gaitas da súa época. As outras dúas terzas, aneladas en corno e de madeira de peor calidade, aparentan ser feitas con posterioridade, como se fosen torneadas por outra man diferente, como a imitación da copa, e conservando o xeito dos de Xinzo.
- A ronqueta igualmente é de madeira tropical máis escura que a do ronco, está anelada en material plástico e seguramente foi construída con bastante posterioridade.
- Así mesmo, o soprete está feito en madeira tropical como as das dúas primeiras terzas do ronco. Anelado en corno e con zapón de coiro. Probablemente se trate do derradeiro soprete empregado polo Gaiteiro de Lira.
- Sobre o punteiro, obsérvase que é de moi boa calidade de factura. É de madeira de ébano. Ten dúas anelas de marfil: na campá e mais na mesa. Esta última é toda enteira de marfil e chega ata o final; é dicir: onde vai o fío (no espigo) leva marfil e mírase o ébano no interior. Ten unha chave de metal branco que nos permite o requinteo, pois presionándoa daríamos a primeira nota da segunda oitava. Un instrumento de moita calidade... feito para un bo músico, cun punteiro moi usado, pois o burato de atrás está rebaixado. Pódese afirmar: *este punteiro tocou!*⁴²

⁴². Máis información sobre o punteiro na páxina 165.

Ademais desta gaita, a familia presentounos algunhas pezas máis que o mestre gardaba, pezas que amosan diferentes calidades e que con toda probabilidade foron construídas con anterioridade incluso á derradeira gaita empregada:

- Dúas terzas de ronco construídas en buxo no taller dos Represas García con anelas de corno, con torneado similar ao da copa anteriormente descrita e que posiblemente fosen o modelo para o torneado da mesma así como das outras dúas terzas da gaita do de Lira. [Fig. 28 – A].
- Unha prima de ronco de gaita tumbal, máis longa que as outras e feita en buxo. Presenta un torneado diferente e de construción máis antiga que puidera ser parte daquela primeira gaita en Si bemol que lle fixera o señor Manolo. [Fig. 28 – B].
- Unha ronqueta en ton de Dó completa, en madeira de buxo, coa fasquía dos Marrecos de Xinzo e coa copa anelada en alpaca na parte do espigo e en marfil a copa propiamente dita. Probablemente formase parte dunha gaita anterior. [Fig. 28 – C].
- Unha prima de ronco en mal estado, amarrada cun arame, feita en madeira tropical e coa fasquía característica dos Represas García. Con toda probabilidade fose empregada coa intención de poder subir un ton na afinación do ronco: tanto para poder tocar en Dó cun ronco de Si bemol como en Re cun de Dó. [Fig. 28 – D].
- Un soprete moito máis pequeno, tamén feito de madeira tropical. [Fig. 28 – E].

Ata aquí o referente ao noso protagonista, agora pasaremos a falar doutros gaiteiros.




Fig.28 - (φ) Pezas soltas pertencentes a diferentes gaitas do mestre Luís Soutullo.

[Foto: Olimpio Xiráldez]